


RESUMO DE CONTIDOS

Un concello para nós

Lingua Galega e Literatura

5º EP



Índice

Un lugar para vivir.....	2
Miramos atrás.....	2
Textos literarios e non literarios.....	2
Diferentes tipos de textos.....	3
Debate ordenado.....	6
E ti de onde es?.....	6
Conectamos co verbo.....	7

Un lugar para vivir...



Como é o lugar onde vives? Pode que sexa unha zona rural con casas pequenas illadas ou unha vila con edificios grandes. En calquera caso seguro que tés veciños e veciñas cos que falas de maneira habitual. Seguro que nese lugar hai moitas cousas que che gustan: seguro que hai algún espazo para que os rapaces e rapazas xoguedes, seguro que se organizan actividades culturais e deportivas que a ti che interesan. Pero ao mellor tamén hai cousas que non che gustan ou que pensas que debían mellorar. Pensa, seguro que atopas algo.


Que podemos facer para mellorar o sitio onde vivimos? Primeiro temos que analizar as cousas boas e as non tan boas e transmitirlle ao concello as nosas conclusións.

Miramos atrás

O substantivo

Xa coñecemos os substantivos pero sempre é bo repasar os contidos:


Fíxate no seguinte gráfico:




Textos literarios e non literarios:

Os textos literarios e non literarios son dúas formas diferentes de escribir coas que podemos obter información ou simplemente divertirnos.

O longo deste REA imos traballar con textos non literarios pero é interesante que repasemos as diferencias que hai entre eles.



Diferentes tipos de textos



Textos argumentativos

Un texto argumentativo está estruturado para presentar e defender unha opinión ou tese sobre un tema específico. As principais partes dun texto argumentativo son as seguintes:

- **Introdución:** introdúcese o tema que se vai a tratar e preséntase a opinión ou postura que se vai a defender ao longo do texto. Pódese incluír unha declaración do obxectivo do texto e a importancia do tema.
- **Desenvolvemento:** explícase con argumentos o que se pretende comentar e proporciónanse datos, estatísticas, exemplos e outros tipos de evidencias para apoiar cada argumento.
- **Conclusión:** resúmense os puntos principais do desenvolvemento, reafírmense os argumentos presentados e pódese incluír unha reflexión final.

Textos informativos:

O texto informativo expresa un tema de forma obxectiva coa finalidade de transmitir información polo que a súa intención é informar dun tema en concreto.

Xa sabedes que un dos retos é elaborar un folleto informativo sobre o noso concello polo que tede moi en conta o que é un texto informativo e os tipos de textos para poder elaboralo.

Teñen unha serie de características como son:

- Os textos son obxectivos. Non aportan emocións, sensacións ou puntos de vista persoais. A información é veraz e rigorosa.
- Achéganse moitos detalles para explicar as cousas.
- O que se pretende informar ten unha orde para que se entenda ben.
- Achéganse exemplos con ilustracións para facelo máis atractivo.
- Resáltase o importante, con cores, maiúsculas, subliñados, grña.
- Complétase a información con imaxes, gráficos ou con vídeos.
- Na redacción emprégase unha linguaxe clara, impersoal, preciso, directo.

Exemplos de textos informativos son as receitas de cociña, os prospectos dos medicamentos ou as noticias do xornal. **Textos de opinión:**

Os textos de opinión son un tipo de texto escrito onde as persoas que o escriben mostran os seus puntos de vista acerca dun tema en concreto. Estes textos, por norma xeral, aparecen en medios de comunicación como son os xornais ou as revistas.

Todos os textos de opinión empregan a argumentación para construírse. Estes temas poden ser moi diversos: deporte, política ou mesmo a economía.

As partes dos textos de opinión teñen algunhas cousas en común cos debates. Contan coas seguintes partes:

- **Introdución:** nesta parte vaise presentar o tema do que van a opinar. Adoita ser breve e ten que chamar tamén a atención.
- **Tese:** aquí as persoas emisoras mostran a súa postura co tema.
- **Argumentos:** como nos debates, precísanse argumentos ou razoamentos para demostrar a opinión da persoa autora.
- **Conclusión:** na última parte do texto de opinión móstrase a opinión persoal de quen escribe. Tamén se pode incluír un breve resumo do exposto.

Debate ordenado



Un debate é un intercambio estruturado de ideas no que as persoas participantes presentan e defenden os seus puntos de vista sobre un tema concreto.

A finalidade é chegar a un entendemento común ou á identificación de solucións mediante o diálogo construtivo. Sempre tratando con amabilidade á outra persoa e buscando a achega positiva que poden aportar ao tema ás súas intervencións.

Os debates enriquecen ao participante e aumentan o coñecemento colectivo sobre o tema escollido.

Para que cada persoa participante nun debate poida expresar as súas opinións de maneira clara e coherente cómpre:

- Falar sen medo e sen tensión.
- Expresar as ideas de forma ordenada.
- escoitar activamente as opinións dos demais.
- Respetar para ser respectado, evitando interrupcións e ataques persoais.

E ti de onde es?


Os xentilicios son adxectivos ou substantivos que indican de que país, cidade ou lugar é unha persoa, un animal ou un obxecto.

En galego fórmanse engadindo os sufixos:

- és/esa: carballiñés/carballiñesa.
- ense: teense
- eiro/eira: rianxeiro/ rianxeira
- ego/ega: chairego/ chairega
- ino/ina: chantadino/ chantadina
- ao/á: melidao/ melidá
- án/á: fisterrán/ fisterrá
- ano/ana: iraniano/iraniana

Conectamos co verbo

Cando falamos empregamos palabras que se refiren a accións, ás cousas que facemos. Son os verbos. Os verbos son a parte máis importante do predicado das oracións, por iso dicimos que son o núcleo do predicado.



O verbo é unha clase de palabras que empregamos para expresar o que acontece pero ademais do significado propio de cada verbo danos outro tipo de información importante.

Para nomear os verbos ou para buscalos no dicionario empregamos o infinitivo.

O infinitivo é a palabra a partir das que se forman os resto de formas verbais.

Exemplo: o infinitivo de comeu é comer; o infinitivo de andei é andar.

O verbo non varía en xénero pero varía en tempo, número, persoa e modo.

Ademais podemos clasificar os verbos en tres conxugacións:

1ª Conxugación	Verbos cuxo infinitivo remata en AR	Andar Saltar
2ª Conxugación	Verbos cuxo infinitivo remata en ER	Ler Beber
3ª Conxugación	Verbos cuxo infinitivo remata en IR	Subir Vivir

Os verbos poden estar en diferente persoa:

Primeira	→	eu / nós	Eu ando	Nós andamos
Segunda	→	ti / vós	Ti comes	Vós comedes
Terceira	→	El / ela eles/ elas	El/ ela xogará	Eles/ elas xogarán.

E poden estar en singular ou en plural:

Número	Expresa	Exemplos
Singular	Unha soa persoa (eu, ti, el ou ela) realiza a acción.	Escribe Debuxas Comín
Plural	Varias persoas (nós, vós, eles ou elas) realizan a acción.	Escriben Debuxades Comeron



"Un concello para nós ", do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)